

UNHA PRODUCCIÓN DO
CENTRO DRAMÁTICO GALEGO



SERVA ME SERVABO TE

dirección e dramaturxia de
Belén Bouzas, Diego M. Buceta e Fran Martínez



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 21-22

O Centro Dramático Galego é a unidade de produción teatral da Xunta de Galicia, dependente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic).

Centro Dramático Galego

Salón Teatro. Rúa Nova, 34
15705 Santiago de Compostela
Tel. 881 867 229
centro.dramatico.galego@xunta.gal

www.centrodramatico.gal

 cdg.salonteatro

 cdg.salonteatro

 centrodramatico

Comunicación. Agadic

Cidade da Cultura de Galicia. Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
Tel. 881 996 073 / 092
prensa.agadic@xunta.gal

www.agadic.gal

 agadic

Índice

<i>Ninguén dixo que fose doado</i> , Fran Núñez.....	05
<i>Corpos en loita</i> , Belén Bouzas, Diego M. Buceta e Fran Martínez.....	06
Ficha artística.....	09
Funcións.....	11
Sinopse.....	13
Dirección, dramaturxia e interpretación: Belén Bouzas, Diego M. Buceta e Fran Martínez.....	15
O elenco.....	16
O equipo artístico.....	23



Ninguén dixo que fose doado

Fran Núñez | Director do CDG

O Centro Dramático Galego debe preservar o noso pasado teatral e sentar as bases do que no futuro será parte do noso patrimonio escénico. Afrontamos este reto dende un presente incerto, nun contexto pandémico que se move sobre ondas que, con maior ou menor acerto, tentamos navegar.

Serva me, servabo te fala do hoxe, de nós, de como afrontarmos xuntos as ondas do presente. O título, *Serva me, servabo te* (axúdame e axudareiche, en latín), coloca na escena a loita dos corpos contra as marusías da historia. Corpo, voz e espazo como elementos básicos e primixenios da expresión teatral. Corpos en movemento, aquí e agora. As ferramentas fundamentais das artes escénicas para camiñar cara ao futuro a través dunha catarse escénica que conecta os corpos coa comunidade, coa natureza, coa loita pola supervivencia e na que se estilizan os límites entre o teatro, a danza e as artes plásticas. Non hai nada máis antigo no noso oficio que esta fusión sen lindes, nin nada tan importante para construír a escena que virá como explorar eses espazos fronteirizos. Este proxecto explora eses lugares onde aparece o novo, o interesante, os camiños cara ao descoñecido.

Serva me, servabo te é unha viaxe á procura de novos retos e na que o risco, a xenerosidade e o traballo comprometido de Pálido Domingo, aos mandos da creación, teñen como resultado unha proposta fermosa e

desafiante. O corpo como elemento central do traballo. O corpo e o espazo en tempos que se dilatan. Unha dramaturxia dende o movemento, dende o xesto, dende a acción. Unha dirección compartida por tres persoas, horizontal, dende ese encontro que hoxe é máis necesario que nunca.

O equipo de creación traballou dende a liberdade para procurar novas rutas polas que transitar a comunicación co público e quen sabe se polo camiño non atoparon un continente enteiro e descoñecido por explorar.

Esta navegación sobre as ondas da pandemia non deixa de me traer á mente estes versos:

Por mares nunca de antes navegados,
Passaram ainda além da Taprobana,
Em perigos e guerras esforçados,
Mais do que prometia a força humana,
E entre gente remota edificaram
Novo Reino, que tanto sublimaram;

Serva me, servabo te naceu da man de Italia, no que ía ser unha fermosa experiencia internacional compartida. A pandemia separounos, pero o teatro segue o seu camiño e, en breve, habémonos atopar.

E la nave va.

Corpos en loita

Belén Bouzas,
Diego M. Buceta
e Fran Martínez


O corpo é o centro do noso universo creativo. Esta vez seremos un exército de corpos suorentos fronte a un edificio de vinte alturas. Fronte a una tormenta eléctrica. Fronte a un monstro descoñecido e xordo. Nós, que compartimos un misterio... e conspiramos.

O cemento e nós. O mar e nós. A guerra e, ante ela, nós.

Serva me, servabo te fala dos afectos, do colectivo. Do agarrarse forte das mans ante o adverso. Do soste o corpo que permanece ao meu carón coma se fose o meu. Porque son eu.

O escenario que se presenta é o dun corpo nu ante a inmensidade. A súa forza na fragilidade. A violencia que emana dun saco de pel e ósos que se axita por pura supervivencia, coma un peixe fóra da auga.

Seguir reivindicando os corpos dende unha visión política e social onde a materia nos iguala sen distincións de ningún tipo. Empregar as ferramentas das artes do corpo para poñer en valor isto, unha eterna loita pola igualdade en dereitos e dignidade. A igualdade dos corpos ante unha invasión de lava tras a erupción dun volcán próximo. Ou ante a caída dunha cúpula de cristal levantada por unha persoa calquera hai máis de 200 ou 2000 anos.







Ficha artística

Dirección e dramaturxia: **Belén Bouzas,**
Diego M. Buceta e Fran Martínez

Elenco

Belén Bouzas
Olga Cameselle
Bal Castro
Raquel Crespo
María Llanderas
Diego M. Buceta
Fran Martínez
Cris Vilariño

Equipo artístico

Escenografía	Laura Iturralde e Carmen Triñanes
Vestuario	Xoel Álvarez
Iluminación e videocreación	Laura Iturralde
Dirección musical	Xavier Bértolo
Asistencia coreográfica	Roberta Ferrara
Asistencia de dirección	AveLina Pérez
Asistencia de produción	Xandre Vázquez

Agradecementos da dirección artística

Ao CDG, por darnos esta oportunidade e por abrir o seu espazo ás artes do movemento e a todas as creadoras que desde Galicia traballamos co corpo.

A todo o equipo técnico e humano do CDG, por facilitar a nosa estancia na súa casa e permitir, nestes tempos estraños, que a cultura siga viva.

Á Cidade da Cultura, a María Pereira e ao seu equipo.

E moi especialmente a María José, Marián e María José, de Quipus Asesores, por seren os nosos anxos gardiáns cos papeis e xestións, que tanto nos custan, e preservar así a nosa saúde mental.

Realizacións

Escenografía e utilería
Vestuario
Coordinación e corrección de textos
Fotografías e vídeos
Deseño gráfico

Equipo técnico do CDG
Equipo técnico do CDG
Rosa Moledo

Miramemira
Trisquelia

Centro Dramático Galego

Dirección
Produción
Secretaría de dirección
Axudantes de produción

Xestión

Comunicación, prensa e redes sociais
Publicacións

Fran Núñez
Francisco Veiga
Susana Caamaño
Laura Hevia
e M.^a Luz Armentia
Manuela González
e Carmen Iglesias
Ana Miragaya, Ana Rosales e Celeste Suárez
Marcelina Calvo e Alberto Santamaría

Equipo técnico

Técnico de iluminación
Asistente de iluminación
Técnicos de son

Encargado de estrutura escénica
Tremoias

Auxiliar de imaxe e son
Encargado de talleres
Xastra
Limpeza

Juanjo Amado
Biqui Cabado
Antonio G. Budiño
e Guillermo Vázquez
Salvador Forján
Antonio Mayo, Óscar Ortega, Xaquín Rei, René Rodríguez, Suso Rodríguez e Elixio Vieites
Juan Carlos Pacios
Fernando Rodríguez
María Negreira
Marisol Pérez e M.^a Luisa Seoane



Funcións

Espectáculo recomendado para maiores de 16 anos

Estrea 5 de setembro no Festival de Teatro Galego "Celso Parada". O Carballiño

Temporada no Salón Teatro Do 10 ao 26 de setembro

Funcións De xoves a domingo

Horarios Xoves, venres e sábados ás 20.00 h. Domingos ás 18.00 h

Venda de entradas

Despacho de billetes do Salón Teatro Dúas horas antes de cada función

Venda anticipada en liña Ataquilla.com

Prezo das localidades 10 euros

Descontos

- 40 % Persoas estudantes, xubiladas, maiores de 65 anos, usuarias do carné xove, desempregadas, familias numerosas, grupos a partir de 10 persoas, xornalistas, profesionais das artes escénicas e membros da Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC (Alumni USC).
- 3x2 Se traes dúas persoas, invitámote ao teatro. (Só no despacho de billetes do Salón Teatro).
- 40 % Día do Espectador (domingo): 6 euros.

Etiqueta sanitaria Máscara hixiénica, limpeza de solas nos felpudos colocados a tal efecto e desinfección de mans á entrada e á saída. No caso de presentar síntomas compatibles coa covid-19 ou tela diagnosticada, non se deberá acudir ao teatro.
Capacidade limitada ás restricións sanitarias en vigor en cada momento na cidade.



Sinopse

Fantasiámos coa imaxe dun edificio de vinte alturas que se derruba por mor dunha carga de explosivos. Sabemos das nosas forzas e estas mans apenas conseguen pregarse forte nun puño pechado. Agora estas que nós somos non conseguimos abater torres, pero si ser o po que testemuña o derrubamento.

Tamén podemos bailar; parece sinxelo, pero nin a todos os corpos lles é permitido. Podemos falar de amor. Un día dixéronnos que non era serio falar de amor, que tiñamos que falar de cousas máis importantes. Igual agora é o momento.

Armar un plan. Bailar un plan.



Belén Bouzas, Diego M. Buceta e Fran Martínez

DIRECCIÓN, DRAMATURXIA E INTERPRETACIÓN

Belén Bouzas, Diego M. Buceta e Fran Martínez, xunto con Laura Iturralde, forman Pálido Domingo, compañía de artes do corpo de orixe galega que ten como obxectivo principal afondar na linguaxe do corpo a partir da investigación nas técnicas interpretativas de adestramento físico ligadas ao aikido, á danza contemporánea e ao teatro físico.

Basean a súa actividade en dúas liñas de traballo fundamentais: a artística, por medio da creación e distribución de espectáculos no ámbito da creación contemporánea; e a pedagóxica, impartindo cursos destinados á formación de creadoras e creadores ligados á danza, ao teatro e ás artes do movemento.

Non hai que ser unha casa para ter pantasmas foi o seu primeiro traballo como compañía, recoñecido co 1º premio Xuventude Crea 2017, co Premio da Crítica no Certame Coreográfico de Madrid 2018 e co 2º Premio no Certame DanzaXtrema 2019.

Pentecostés foi o seu segundo traballo, estreado en xaneiro de 2020 no teatro Ensalle de Vigo e presentado no festival Escenas do Cambio 2020.

Ao longo destes anos, os seus espectáculos xiraron por diferentes espazos e festivais tanto nacionais como internacionais: festival Logos (Sardeña), festival Corpo(a)terra (Ourense), Circuíto Bucles (Valencia), Teatro Pradillo (Madrid), Teatro Colón (A Coruña) ou Espazo Inestable (Valencia), á vez que, como compañía, deseñaron unha serie de obradoiros de aikido aplicado ás artes do corpo que compartiron en espazos como o Conservatorio Superior de Danza de Valencia, o Conservatorio Profesional de Danza de Lugo, Descalzinha Danza (Madrid) ou Estudio 3 (Madrid).

0 elenco





Olga Cameselle

Comeza a súa andaina profesional no eido escénico en 1991, abordando traballos de teatro-danza desde a súa propia compañía e colaborando con outras agrupacións e artistas plásticos e audiovisuais en distintas propostas de vídeo-danza e performances.

Na actualidade codirixe A Produccións Artísticas xunto a Alfredo Rodríguez e desenvolve actividades escénicas e pedagóxicas. Entre outros traballos que destacar, participa nos últimos anos no filme *9 fugas* de Fon Cortizo e no proxecto da Sala Artika *Cambio de foco*.



Bal Castro

Actor formado en interpretación xestual na ESAD de Galicia. Formou parte do grupo de teatro xuvenil Os Palimoquiños, baixo a dirección de Paloma Lugilde, coa que escenificou pezas como *Antígona vive*, *En busca do cabaleiro* ou *KM 526*. Participou na aula de teatro da USC de Lugo, interpretando *Paz perpetua*, de Juan Mayorga, e *O público*, de Federico García Lorca.

Nos últimos anos complementou a súa formación teatral con clases de interpretación ante a cámara na Tuerka Films, e centra o seu interese nas artes do movemento, como a danza ou o teatro físico, así como na dramaturxia.



Raquel Crespo

Actriz formada na escola de teatro e danza El Ruiseñor e graduada en interpretación xestual na Escola Superior de Arte Dramática (ESAD) de Galicia en 2019.

Inicia a súa carreira profesional en 2018 co espectáculo *5 mulleres que comen tortilla*, da compañía Señora Supina. Coa mesma compañía presenta o contacontos *Dúas heroínas voando van*.



María Llanderas

É actriz, *performer* e creadora escénica. Traballa principalmente no eido das artes performativas e do movemento. Titulada superior en Arte Dramática na especialidade de Teatro Xestual pola ESAD de Galicia e mestra en Artes Performativas pola ESTC de Lisboa, foi bolseira na Janáček Academy of Music and Performing Arts en Brno (República Checa), así como no teatro Ģertrūdes ielas en Riga (Letonia). Neste país formou parte do colectivo de artes vivas e danza butoh Ideagnosis e colaborou coa coreógrafa Katrina Albuze, con quen creou pezas para espazos non convencionais.

En Galicia funda, xunto coa actriz Lucía Hernández, a compañía Agulla de Marear que estreou o seu primeiro proxecto, *Tal e como viñemos*, no festival para novos creadores Vigo en Bruto.

En Lisboa traballa con Eduardo Batata como *performer* e directora de movemento nas pezas *Onanismos* e *Ebrio*. Desde 2019 desenvolve o proxecto *Corpos ilegíveis*, unha investigación centrada na relación entre corpo, danza e espazo público.



Cris Vilariño

Creadora e bailarina, é diplomada en danza contemporánea e apaixonada das danzas butoh e body weather. O seu primeiro traballo en solitario, *Liminal*, gañou o Premio do público no Festival de Danza Emerxente FITEU. Participou no proxecto Nido/Rizoma da Compañía Sharon Fridman en Terschelling (Holanda) e actuou no V Festival Internacional de Butoh eX...it! de Berlín, dirixida por Yuko Waguri.

Interesada na relación entre a pedagogía e a arte, dirixiu a Aula de Danza da Universidade de Vigo, do Campus de Ourense, en 2017, e foi responsable do Proxecto MASA 2018 (Mover as Aulas) do TRC Danza. O seu último traballo, *Manodura*, un proxecto persoal dirixido por Alberto Cortés que fala da familia, a educación e as aulas, foi apoiado cunha Residencia Paraíso 2020 do Colectivo Rpm.

Na actualidade colabora coa compañía Licenciada Sotelo en *A gala e Incerteza*.



O equipo artístico



Laura Iturralde

ESCENOGRAFÍA, ILUMINACIÓN E VIDEOCREACIÓN

É técnica superior en Imaxe e en Gráfica Publicitaria e titulada superior en Arte Dramática na especialidade de Escenografía. Remata en 2017 o Mestrado en Profesorado.

Traballa como iluminadora, escenógrafa e videocreadora con múltiples compañías de teatro e danza como A Quinta do Cuadrante, o Centro Dramático Galego, Licenciada Sotelo, Cía. Borja Fernández ou na montaxe *Fariña*. Participa tamén en proxectos musicais como iluminadora e videocreadora con artistas recoñecidas no panorama nacional coma Mercedes Peón e con formacións como Triliterate, Sumrrá ou Pálida. Desenvolve tamén o seu traballo máis persoal nos proxectos de música con visuais como Corvax.

Recibe en 2018 o Premio María Casares á mellor escenografía polo seu traballo en *Resaca*, de ilMaquinario, e en 2019 e 2020 outórganlle este mesmo galardón na categoría de iluminación por *Invisibles*, de Redrum Teatro e *O Empapelado Amarelo*, de A Quinta do Cuadrante. En 2021 vén de recibir o premio da Asociación de Directores de Escena na categoría de mellor iluminación, polo seu traballo en *Fariña*.



Carmen Triñanes

ESCENOGRAFÍA

Escenógrafa, vestiarista e iluminadora. Diplomada en Deseño de Moda polo Instituto Europeo di Design en Barcelona. Tras graduarse traballa asistindo ao deseñador de vestuario Chu Uroz, para La Fura dels Baus en diferentes óperas como *Babylon* na Ópera de Munich (2012), *Parsifal* na Ópera de Colonia (2013), *Sansone et Dalila* para a Ópera de Roma e o Palau de la Ópera de Valencia (2013-2015) ou *Aida* para L'Arena di Verona, Italia (2013).

Participa como escenógrafa e vestiarista en diferentes producións de toda índole, como videoclips, concertos, pezas de videodanza, espectáculos de danza contemporánea, longametraxes e curtametraxes. Recentemente, graduouse en Arte Dramática na especialidade de Escenografía, Vestuario e Iluminación polo Institut del Teatre de Barcelona onde recibiu unha bolsa Erasmus para a Universidade Aalto de Helsinki e a Escola Superior das Artes de Zürich (ZHdK).

Xoel Álvarez

VESTIARIO

Actor e deseñador de vestiario. Titulado superior en Interpretación Xestual pola ESAD de Galicia, especialízase en Deseño e Dirección Creativa en Moda pola Universidade de Vigo. Complementa a súa formación en teatro físico e danza con profesionais como Guillermo Weickert, Oguri, Elena Córdoba, Natsuko Kono ou Stefano Taiuti, entre outros.

Afonda nos seus estudos en teatro físico e *performance* en Tatwerk Performative Forschung (Berlín) e en deseño de vestiario para audiovisual e teatro en Peris Costumes (Madrid). Entre as súas creacións destaca *En Silencio* (2017), presentada dentro do festival Vigo en Bruto no Teatro Ensalle.



Xavier Bértolo

DIRECCIÓN MUSICAL

É licenciado en piano e música moderna pola ESMAE do Porto, licenciado en Física pola USC e profesor de piano na ESMU de Vigo. Estudou piano con Abe Rábade e German Kucich e composición, con Nuno Ferreira e Carlos Azevedo entre outros. É membro fundador de Cró!, director e músico na Orquesta Metamovida, teclista na banda de improvisación conducida Comando Radar e, con Laura Iturralde, desenvolve o seu proxecto de electrónica e visuais, Corvax.

Nos últimos anos comezou a traballar no mundo audiovisual onde destacan os seus traballos na peza teatral *O empapelado amarelo* (A Quinta do Cuadrante, 2018), as curtas *16 de Decembro* (Álvaro Gago 2019) e *Augas Abisais* (Xacio Baño, 2020), e o seu labor como coordinador musical na longametraxe *9 Fugas* (Fon Cortizo, 2020) que conseguiu recentemente o premio á mellor película no Festival Internacional de Cine de Xixón.



AveLina Pérez

ASISTENCIA DE DIRECCIÓN

Creadora escénica. Fórmase en interpretación na Escola Santart e é titulada en dirección de escena e dramaturxia pola ESAD de Galicia.

Dentro do proxecto escénico que leva o seu nome é directora, dramaturga e actriz das pezas *A que non podes dicir cocacola? (I e II)*; *Deixa de tocala, Sam*; *Os cans non comprenden a Kandinsky* e *Vaguedás*.

Tamén exerceu como directora de *Espida*, da Compañía lo, e de *Gañaremos o pan coa suor da túa fronte*, da Compañía Tripalium, entre outras producións.

Moi vinculada á idea de teatro social, o seu facer teatral camiña entre a impartición de obradoiros de creación escénica e dramaturxia, as producións propias e a escrita teatral.

Foi galardoada pola súa dramaturxia de texto co Premio Álvaro Cunqueiro coa peza *Ás oito da tarde, cando morren as nais* e o Premio Abrente con *O día no que bicar a terra*, entre outros.



Roberta Ferrara

ASISTENCIA COREOGRÁFICA

Artista *freelance*. Durante a súa traxectoria artística desenvolve proxectos tanto dentro como fóra de Italia e estuda diferentes linguaxes e técnicas, necesarias para iniciar un proceso creativo e de descuberta.

Dirixe desde 2014 a súa compañía de repertorio, Equilibrio Dinámico, así como o seu proxecto educativo Ed Ensemble no sur de Italia. As súas producións foron programadas en festivais e espazos internacionais de países como Italia, México, Estados Unidos, Albania, Kosovo, Bélxica, Alemaña, Croacia, Singapur, India, Xapón, Corea, Brasil e Romanía.

Traballou como mestra e coreógrafa independente de diferentes institucións e compañías, tales como a Escola Estatal de Berlín, a Escola Nacional de Ballet Inglés, o Conservatorio Internacional de Ballet e Danza (Portugal), a Academia de Danza Morikawa (Xapón), Elan Ballet (India), ODT International (Singapur), Korea Ballet House (Seul), Staatstheater Ballet Augsburg (Alemaña) e Teatrul De Balet Sibiu (Romanía).



Xandre Vázquez

ASISTENCIA DE PRODUCCIÓN

Produtor e promotor. Licenciado en Xornalismo pola USC e MBA de Xestión de Empresas e Institucións Culturais pola Universidade Complutense de Madrid.

Fundador de Educateatro Producións, compañía coa que produciu, baixo a dirección de Luis Crespo e Paulo Medal, os musicais familiares de *Os tres porquiños*, *Carapuchiña Vermella*, *O mundo máxico de Pinocho* e *O Camiño de Santiago (e Mariña)*, ademais de editar cadanseu libro+cd. É cofundador de Culturinvest, empresa coa que desenvolveu a exposición interactiva *Dinosaurs Live —The Exhibition—*, o itinerante *Paseo Xurásico* e o *Circo de Nadal* de Vigo en 2019.

Foi axudante de produción e xerente-rexedor en *Fedra*, de Luis Luque e Paco Bezerra para Pentación Espectáculos, e xerente de compañía nas montaxes *Prometeo*, de José Carlos Plaza e Luis García Montero, e *Metamorfosis*, de David Serrano e Mary Zimmerman, coproducidas polo 65º Festival Internacional de Teatro Clásico de Mérida.





CDG

www.centrodramatico.gal

 [cdg.salonteatro](https://www.facebook.com/cdg.salonteatro)

 [cdg.salonteatro](https://www.instagram.com/cdg.salonteatro)

 [centrodramatico](https://www.youtube.com/c/centrodramatico)



**XUNTA
DE GALICIA**



Xacobeo 21-22